



## TÉCNICOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN 2018

*“Resolución de 20 de diciembre de 2018 de la Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación por la que se aprueba la convocatoria de tramitación anticipada, correspondiente al año 2018, de diversas actuaciones contempladas en el Subprograma Estatal de Formación y en el Subprograma Estatal de Incorporación, del Programa Estatal de Promoción del Talento y su Empleabilidad”*

<http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.dbc68b34d11ccbd5d52ffeb801432ea0/?vgnextoid=19708fea3ce57610VgnVCM1000001d04140aRCRD&vgnnextchannel=deef865dd69b2610VgnVCM1000001d04140aRCRD>

A citada resolución convoca, entre outras, axudas para a contratación de Persoal Técnico de Apoio (PTA).

De acordo co artigo 56.2 da convocatoria, a retribución mínima anual que deberán percibir os técnicos será de 16.422€ ou 15.000€, segundo a titulación do persoal contratado, con senllas axudas do Ministerio para estes contratos de 13.000€ ou 12.000€. Porén, na UDC, a retribución mínima anual haberá de ser, respectivamente, de 20.475€ e 15.750€, en cumprimento do acordo de 17 de novembro de 2014, sobre clasificación profesional do persoal contratado con cargo ao capítulo VI dos orzamentos [http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/investigacion/Acordo\\_clasificacion\\_profesional\\_persoal\\_PCVI.pdf](http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/investigacion/Acordo_clasificacion_profesional_persoal_PCVI.pdf)

Os centros de investigación e transferencia da UDC (CIT, CITEEC, CITIC e CICA), institutos universitarios, grupos ou unidades de investigación da UDC poden presentar as súas solicitudes para concorrer a esta convocatoria (que será presentada de modo institucional), sempre que asuman o correspondente cofinanciamento (o que implicará indicar, no momento da solicitude, e demostrar, no momento da concesión, que se conta con crédito adecuado e suficiente).

En virtude do que indica a convocatoria no seu art. 56.3 *“No se concederán axudas para cofinanciar la contratación de técnicos para las técnicas experimentales propias de grupos de investigación que únicamente sirvan a los intereses de éstos”*, os grupos ou unidades de investigación deberán canalizar as súas solicitudes a través dun centro tecnolóxico ou dun instituto universitario de investigación.

As solicitudes, xunto con formulario xerado pola solicitude do candidato/a, deberán entregarse na Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a investigadores (ESCI- Elviña) ata o día **15 de febreiro de 2019**.

Para máis información pode poñerse en contacto coa Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores (ext. 5761 e 5760 [coordinacion.investigacion@udc.gal](mailto:coordinacion.investigacion@udc.gal))

A Coruña, 8 de xaneiro de 2019

Salvador Naya Fernández  
Vicerreitor Política Científica,  
Investigación e Transferencia